



BOP

XOVES, 30 DE OUTUBRO DE 2025

N.º 250

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 30-10-2025
ata a día 01-11-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR DÚAS (2) PRAZAS/POSTOS, DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFRAESTRUTURAS, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para cubrir dúas (2) prazas/postos, de Técnico/a

Superior infraestruturas, encadradas na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A, subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical, incluídas na OE 2023.

Producíndose erro material na base específica 5.2 EXERCICIO - PRÁCTICO, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:

“(…)

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

“(…)”

2º. Debe dicir:

“(…)”

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

“(…)”

Lugo, 27 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2977

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 30-10-2025
ata a día 02-11-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA